



En Arzúa, a 29 de novembro de 2017, REUNIDOS

D. José Luis García López, Alcalde – Presidente do Concello de Arzúa, c/ Santiago, núm.2, 15810 ARZUA (A Coruña), en nome e representación do mesmo, e por outra banda

D. Miguel Angel Varela García, con DNI número 79.316.495-Y, en representación da entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor, con NIF G15994403 e domicilio na Rúa Vista Alegre, 81 A, 15300 Betanzos (A Coruña).

Tendo en conta a resolución de alcaldía de data 28/11/2017, pola que se lle concede á entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 341.480.00 do Orzamento Xeral do 2017, por un importe de 5.000 €.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa; segundo os cales serán subvencións as disposicións diñerarias realizadas polo Concello suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular; debendo cumprir os beneficiarios coas obrigas materiais e formais que se estableceran; tendo por obxecto estas condutas o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, e tendo en conta o disposto no artigo 19 na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa, así como as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2017.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Arzúa e entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor, para financiar os gastos derivados do evento Rally Terra da Auga – Comarca de Arzúa celebrados os días 26 e 27 de maio de 2017.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Arzúa está interesado en colaborar economicamente coa entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor coa finalidade de axudar e contribuir economicamente coa realización dos gastos no evento descrito anteriormente.

SEGUNDA.- O Concello de Arzúa contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 5.000 €, o que representa unha porcentaxe de 8,3 % sobre o total dos gastos manifestados na memoria que se une á solicitude que inicia o expediente. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos. O

importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 341.480.00.

TERCEIRA.- A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

CUARTA.- A entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor organizou as actividades para as que se outorga a axuda; comprometéndose a través do seu presidente D. Juan Carlos Sanchez Sanchez, á realización das tarefas de xustificación da subvención concedida ó efecto. Non serán subvencionables os gastos en adquisición de mobiliario ou calquer outro gasto en investimento.

QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.- Constitúen obrigas da entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. A entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor, comprométese a dar a publicidade que sexa conveniente ao Concello de Arzúa por esta colaboración.

3. A entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor está obrigada, cando así sexa requerida polo Concello, a xustificar o cumprimento do establecido nas cláusulas deste convenio. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro por parte da intervención xeral do Concello.

4. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calqueira outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o coste da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. A entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor, deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, có fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACION.- A xustificación baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, **antes do 30 de novembro do ano 2017**. Deberá presentarse a documentación seguinte:

- Anexos I e II debidamente cumplimentados
- Certificados de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Arzúa e coa Seguridade Social e a Administración Tributaria e (neste último caso poderá substituírse por unha autorización ó Concello de Arzúa para que recabe directamente da Administración Tributaria este certificado).
- Facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados; e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. No caso de obterse axudas doutras administracións públicas deberá xustificarse gasto por unha contía igual á suma de todas as axudas, noutro caso reducirase proporcionalmente a axuda outorgada polo Concello.
- Xustificantes dos pagamentos efectuados
- Acreditación da publicidade da colaboración económica por parte do Concello de Arzúa

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, tramitarse o requerimento ao que fai referencia o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SÉTIMA: PAGAMENTO.- O pagamento da subvención concedida farase efectivo da seguinte maneira:

- Un 80% da contía con carácter prepagable, coincidindo coa sinatura do presente convenio.
- 20% restante, unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados

OITAVA.- REINTEGRO.- O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas declaracións, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.- En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

En fe do que asinan este convenio no lugar e data ao principio sinalados,

O Alcalde-Presidente

O Presidente de Agrupación Deportiva
Noroeste

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Entidade:

Representante legal:

Domicilio do representante:

CP _____ Localidade _____ Telf. _____

En cumprimento do establecido no convenio asinado entre o Concello de Arzúa e a Agrupación Deportiva Noroeste Motor, unha vez concedida a subvención procédese a aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

- Xustificantes orixinais ou fotocopias compulsadas acreditativas dos gastos realizados, e xustificantes de pagamento
- Acreditación da publicidade da colaboración económica do Concello de Arzúa
- Memoria descriptiva da actuación realizada
- Indicación expresa de que se realizaron os fins para os que foi concedida a subvención e declaración das subvencións obtidas doutras Administración Públicas, e de que a Asociación non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas para percibir axudas públicas.

Arzúa , _ de _____ de 2017

Asdo.

(nome e apelidos do Presidente)

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO

ANEXO 2

Declaración das subvencións, solicitadas e/ou concedidas por outros organismos públicos ou privados, e declaración de non estar incurso en prohibición para percibir axudas publicas

D/Dna.	DNI
--------	-----

Como representante da Agrupación Deportiva Noroeste Motor

DECLARO

- No exercicio 2017 obtivo unha subvención do Concello de Arzúa por importe de 5.000 € cumpríndose a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida.
- Que para os mesmos fins obtiveronse/non obtivéronse subvencións por importe de _____ € doutras Administracións Públicas para a mesma finalidade.
- Que a entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para percibir axudas públicas.
- Que a entidade Agrupación Deportiva Noroeste Motor se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

E, para que conste a efectos da xustificación e cobro da subvención.

Arzúa , a ___ de _____ 2017

Asdo. O/A Presidenta/Representante da Entidade

Sr. AICALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA



AUTORIZACIÓN para recabar certificado da Axencia Tributaria

A persoa abaixo firmante autoriza ao Concello de Arzúa a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención concedida polo Concello de Arzúa para colaborar economicamente coa realización do Rally Terra da Auga – Comarca de Arzúa.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda solicitada e en aplicación do disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Legislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, e no artigo 95.1k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP, para o desenvolvemento das súas funcións.

<i>APELIDOS E NOME</i> MIGUEL ANGEL VARELA GARCÍA			
NIF: 79316495Y	ACTUA REPRESENTANTE Deportiva Noroeste NIF G15994403	EN DE	CALIDADE Agrupación
SIGNATURA			

Arzúa, de 2017.

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

NOTA: a autorización concedida polo firmante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Arzúa



AUTORIZACIÓN para recabar datos á Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

A persoa abaixo firmante autoriza ao Concello de Arzúa a solicitar da Tesourería da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas coa seguridade social para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos para percibir a subvención concedida colaborar economicamente coa realización Rally Terra da Auga – Comarca de Arzúa.

A presente autorización outórgase aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención concedida mencionada anteriormente, previa autorización do interesado, a cesión dos datos da seguridade social que precisen as AAPP, para o desenvolvemento das súas funcións.

A. DATOS DO AUTORIZADOR

<i>APELIDOS E NOME</i> MIGUEL ANGEL VARELA GARCÍA	
NIF: 79316495Y	ACTUA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE DE AGRUPACION DEPORTIVA NOROESTE MOTOR NIF G15994403
SINATURA	

Arzúa, ____ de _____ 2017.

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

NOTA: a autorización concedida polo firmante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Arzúa



AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS AO CONCELLO DE ARZÚA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

O abaixo firmante autoriza ao Concello de Arzúa a obter da Base de datos de Xestión Tributaria e de Recadación da Deputación Provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito Concello.

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos de percibir a subvención para a financiación do Rally Terra da Auga – Comarca de Arzúa.

A. DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL _____

NIF: _____

Sinatura:

B. DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA)

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL: AGRUPACIÓN DEPORTIVA NOROESTE MOTOR

NIF: 79316495Y

ACTÚA EN CALIDADE DE: REPRESENTANTE

sinatura:

En Arzúa, a ____ de _____ de _____

Asdo.:

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

